

«Fun un hipócrita excepcional»

Nacho Mirás Fole [Galicia](#)

Séntalle moi mal que as siglas do Partido Galeguista estean hoxe en mans, para el, espurias; e perdoa, pero non esquece.

25 de marzo de 2007

https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/galicia/2007/03/25/fun-hipocrita-excepcional/0003_5662227.htm

Galeguista, docente, cooperativista, escritor, político, animador cultural... Avelino Pousa Antelo (San Xoán de Barcala, A Baña, 1914) di que sobreviviu ao franquismo botando man da hipocrisía, cando ser hipócrita podía ser a diferenza entre vivir ou morrer. -¿Como estamos? -¡Sentado! Desde hai oito anos teño unha cousa que se chama claudicación intermitente neurolóxica. Notaba algo raro, que me fallaban as pernas. Fun a un reumatólogo, un tal Insua, moi bo, e dixo que era unha cousa neurolóxica. Vou andando, pero con coidado de non caer. -Dicía Díaz Pardo nesta páxina que xa non quedan galeguistas: el, Fernández del Riego, vostede... -E Xaime Isla. -¿Síntese só? Supoño que aprendería a adaptarse... -¡Que remedio quedou! Eu aprendín a ser un hipócrita dunha categoría excepcional, porque vin que había que ser hipócrita. Eu tiña aprobadas as oposicións de 1936, pero o franquismo anulounas. Pensei que o do 36 ía ser unha cousa de días, pero non. Andei durmindo en casas de amigos por aí ata que vin que non había outra solución. Como estaba en filas, presenteime na Coruña e, ao día seguinte, xa me mandaron ao fronte de Guadarrama, na parte de Ávila. -Logo pegou tiros... -¡Non, eu era sanitario! Vin tantas cousas... Fun relevar aos soldados de cota ao pobo de Aldea Vieja, vin morrer moita xente. Aí xa comecei a facer caralladas, a relacionarme con xente das mocidades galeguistas. Tamén me presenteí a condutor, aínda que pasei un mes sen saber como se poñía a marcha atrás. O mellor era non facer preguntas. Digo que aprendín a ser hipócrita porque tamén o tiveron que ser para dirixir a escola da granxa Barreiros, para sobrevivir. Agora, á hipocrisía xa non xogo. -¿Canto tempo leva usando boina? -Cando comecei a quedar sen pelo. Vivindo en Santiago, merqueille outra boina ao meu netiño de tres anos e saíamos os dous á rúa con boina. ¡E a xente ría! -Vexo desde aquí o último galardón que lle deu a Agrupación O Facho e di: «Por toda unha vida por Galicia». ¿Que cara se lle pon a un? -Eu xa estou na etapa de honores. Moitos deles os vés aquí: homenaxes, teño un parque, unha rúa, presidente de honra do Pedrón de Ouro... -¿Considérase vostede bo e xeneroso, Avelino? -[Ri] ¡Algo terei! -¡Anda! Se ten unha caricatura que lle fixo Siro. É vostede regando unha planta e o texto di: «Pousa riega la vieja planta del galleguismo». Seica agora andan outros a regar a planta do galeguismo tamén... -¡Eses de agora, de galeguistas teñen pouco! -Pois preséntanse ás eleccións coas siglas do Partido Galeguista, o PG... -Un ex amigo do

Grove, O Chesqui, comezou a facer manobras e fíxose coas siglas do partido. ¡Parécenme uns...! [cabréase, e moito] Eles pensan que esas siglas poden dar votos. Eu quería que as fundacións Castelao e Bóveda fixeran unha declaración dicindo que eses, de galeguistas, ien absoluto! ¡Que non falen de que son herdeiros de Castelao, nin de Bóveda tampouco! -Fágame unha radiografía rápida de Galicia... -Galicia medrou moito en case todos os aspectos, menos na ética política, na conciencia da galeguidade como tal, niso non medramos nada. A desgraza é que os herdeiros do franquismo aparezan coma bos. Eu asesoro ao Consello da Memoria, que só pretende facer xustiza. -Hai quen di que mellor non menealo... -¡Claro que hai quen di! O que non hai que facer é revanchismo porque aquilo xa pasou. Pero aínda queda vivo algún dos asasinados. Pero esquecer, ¡nin soñalo! Aquilo foi tan horrendo que parecía que non fóra verdade. -¿E cando escoita que centos de miles de persoas saen á rúa dicindo que España está en perigo e cousas polo estilo? -Lamentable. Iso é unha herdanza que nos deixou un franquismo que segue a ter unha forza tremenda. Algún tería que se arrepentir de ser galego. -Vexo de esguello o lombo dun dos seus libros: «Galicia, tarefa urxente», aínda é un titular oportuno... -Unha das miñas manías son os meus libros. O malo é que as urxencias, neste país, van tan amodiño... -¿Escribe aínda? -Se teño unha encarga... -¿E facer unha segunda parte das súas memorias, por exemplo? -Iso xa non me tenta.